O primeiro fai referencia a unha diagnose inequívoca e a crise demográfica en Galicia. A maior calidade da vida ve posibilitando a ampliación da expectativa de vida das persoas, unha expectativa que compre seguir mellorando para que as

persoas maiores disfruten da súa vellez en condicións óptimas. Non obstante, este aumento da "idade " da poboación non atopa a súa compensación no índice de natalidade que amosa datos preocupantes para o noso país en canto a súa renovación xeracional no tempo.

Doutra banda, os avances da sociedade veñen permitindo afortunadamente un acceso da muller á vida laboral, aínda en peores condicións que os varóns, pero que se ve limitada polos déficits na implantación de medidas e servizos públicos de conciliación de vida persoal, laboral e familiar así como pola falla de concienciación suficiente sobre a corresponsabilidade e a coparticipación de mulleres e homes nas tarefas domésticas e de atención de descendentes, ascendentes e persoas a cargo, que vetan de feito o axeitado desenvolvemento das mulleres na sociedade.

Este texto legal pretende iniciar un camiño cara ao desenvolvemento integral de cada unha das persoas que libremente queiran formar unha familia, no seu caso, garantindo por parte da Administración pública a existencia dunha rede pública de servizos de atención que favorezan a asunción libre, voluntaria e responsable da maternidade ou a paternidade en Galicia como unha das opcións familiares posibles nesta sociedade.

Por outra banda, pretende dar garantía legal á existencia dunha cobertura de xestión pública de servizos, programas e infraestructuras de xestión pública que garantan que a devandita opción poida levarse a cabo sen menoscabo do crecemento e equilibrio persoal dos membros da familia, prestando especial atención a aqueles núcleos máis vulnerables o con máis dificultades para o seu pleno desenvolvemento.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2011 18:14
Nº Rexistro: 64863
Data envio: 09/05/2011 18:14:35

PARLAMENTO DE GALICIA

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/05/2011 18:14:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2011 18:16
Nº Rexistro: 64864
Data envio: 09/05/2011 18:16:35

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE APOIO Á FAMILIA E Á CONVIVENCIA DE GALICIA (NUM. EXPE. 08/PL-0025).

Emenda nº1, de Substitución. Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia

Débese substituir o título polo seguinte:
"Proxecto de Lei de Apoio ás familias e ás unidades de convivencia".
En coherencia substituir, en todo o texto da lei, ás referencias á "familia", en singular, por "familias" en plural.

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 1

Débese substituir o texto do precepto polo seguinte:
"A presente lei ten por obxecto desenvolver o marco de actuación que deben desenvolver os poderes públicos galegos a fin de atender as necesidades das familias e unidades de convivencia, no ámbito das súas respectivas competencias, a fin de procurar a protección económica e social das familias e singularmente, a protección e asistencia dos menores que se atopen nunha situación de posíbel desprotección, desamparo ou conflito social".

Emenda nº3, ao apartado e), de Substitución. Artigo 2

Débese substituir a letra e) polo seguinte:
"e) Os e as menores de idade."

Emenda nº4, ao apartado f), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un nova letra f) co seguinte contido:
"f) As persoas maiores."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2011 18:16
Nº Rexistro: 64864
Data envio: 09/05/2011 18:16:35

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº5, de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº6, de Supresión. Artigo 4

Débese suprimir o artigo.

Emenda nº7, de Substitución. Artigo 5

Débese substituir o texto do primeiro parágrafo, polo seguinte:
"Previa avaliación dos instrumentos de planificación vixentes a Xunta de Galiza elaborará un Plano Integral de Apoio á Familia con orzamentos, obxectivos e calendario precisos co fin de dotar ás familias dos servizos e prestacións públicas que lles permitan desenvolver eficazmente as súas funcións promovendo a corresponsabilidade e modelos familiares máis igualitarios".

Emenda nº8, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o punto 1.

Emenda nº9, ao apartado 2., de Substitución. Artigo 6

Débese substituir o punto 2. polo seguinte texto:
"2. A Xunta de Galiza someterá as políticas públicas que desenvolva en materia de apoio as familias e unidades de convivencia aos seguintes principios reitores:
a) Liberdade
Respectarase a liberdade de organización da convivencia, a dignidade e os dereitos fundamentais das persoas. En exercicio deste principio desenvolveranse medidas que atallen os prexuízos e discriminacións, sociais e legais, que persisten para as familias e unidades de convivencia entre persoas do mesmo sexo.
b) Igualdade

Promoverase a igualdade de xénero no seo das familias e unidades de convivencia, promovendo a eliminación dos estereotipos sociais que responsabilizan das tarefas do domésticas e do coidado ás mulleres, fomentando un uso equitativo dos tempos entre homes e mulleres, e unha redistribución das tarefas do cidado e reprodutivas, tanto no ámbito familiar como na responsabilidade social das mesmas.
Promoverase a igualdade de dereitos e oportunidades das mulleres no acceso ao emprego remunerado, corrixindo as discriminacións persistentes na actualidade e as dificultades para o exercicio dos dereitos de conciliación.
Promoverase o exercicio pleno dos dereitos e responsabilidades das persoas menores recoñecidos nas convencións internacionais e no noso ordenamento xurídico.
c) Responsabilidade pública
Os poderes públicos atenderán as demandas e necesidades das familias e unidades de convivencia na nosa sociedade, particularmente a dotación de recursos e axudas públicas que garantan o seu benestar e o exercicio eficaz das súas funcións
Atenderase especialmente as situacións de exclusión social e/ou de vulnerabilidade que se poidan producir, actuando na prevención e protección ante situacións de violencia, abuso, soidade, abandono ou indefensión".

Emenda nº10, de Supresión. Artigo 10

Débesense suprimir os parágrafos segundo e terceiro.

Emenda nº11, de Adición. Artigo 10

Débese engadir un artigo 10 bis) co seguinte contido:
"10.bis) Aos efectos da presente a situación de gravidez ou de preadopción asimilarase á de paternidade ou maternidade cando a meio dela se obteña un maior beneficio e sempre que o nacemento ou a adopción finalmente se produciren. A acreditación destas situacións farase através de certificación médica ou administrativa nos termos en que regulamentariamente se determinar."

Emenda nº12, ao apartado 2º, de Supresión. Artigo 13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2011 18:16
Nº Rexistro: 64864
Data envio: 09/05/2011 18:16:35

Débese suprimir o último parágrafo desde:
"2º. O concibido..."

Emenda nº13, de Substitución. Artigo 18

Débese substituir integralmente o texto do artigo, polo seguinte:
"Os membros das familias de especial consideración terán trato preferente nos seguintes ámbitos, segundo o que se estabeleza na normativa sectorial correspondente:
a) No ámbito educativo e formativo:
1º. Na educación non universitaria sostida con fondos públicos, na concesión de bolsas, axudas ou bonificacións para libros, material escolar, comedores e transporte en todas as etapas da educación non universitaria.
Darase preferencia para o acceso de alumnos e alumnas pertencentes a familias
numerosas e monoparentais en centros de educación infantil dependentes da Xunta de Galicia, con redución de tarifas nas escolas infantís 0-3 e axudas económicas para os alumnos e as alumnas destas escolas non financiados con fondos públicos.
2º. Na educación universitaria, na concesión de bolsas para cubrir gastos de ensino, aloxamento e desprazamento.
3º. No acceso aos cursos de formación ocupacional.
b) No ámbito da vivenda, respecto dos programas públicos de acceso á vivenda, ou de reforma, adaptación ou rehabilitación da vivenda habitual.
c) No ámbito do lecer, tempo libre e cultura, mediante bonificacións para o acceso aos servizos, recursos e programas.
d) No ámbito das novas tecnoloxías, mediante axudas para a contratación de servizos e produtos tecnolóxicos.
e) No ámbito do transporte público, mediante bonificacións nas tarifas.
f) No ámbito tributario, mediante o establecemento pola Xunta de Galicia de beneficios fiscais no ámbito das súas competencia."

Emenda nº14, de Substitución. Capítulo IV

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2011 18:16
Nº Rexistro: 64864
Data envio: 09/05/2011 18:16:35

Débese substituir o título do capítulo IV por:
"Políticas Públicas de Apoio á Maternidade"

Emenda nº15, de Substitución. Artigo 25

Débese substituir integralmente o precepto polo seguinte texto:
"Os poderes públicos galegos no ámbito das súas competencias, promoverán políticas públicas de apoio á maternidade, sustentandas nos seguintes principios reitores.
1. Liberdade
As políticas que se desenvolvan velarán pola eficacia do dereito de toda muller a dicidir libre e voluntariamente sobre a súa maternidade, con independencia da súa idade, estado civil e nacionalidade. En exercicio deste dereito os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para garantir o acceso en equidade aos métodos de control da natalidade, a educación afectivo-sexual e o acceso a información imparcial e obxectiva.
2. Valorización social
Os poderes públicos galegos recoñecen a maternidade como unha necesidade social, un ben insustituíbel, que precisa que todas cargas e coidados que supón a gravidez, o parto, a crianza, a socialización de fillos e fillas, reciban axuda directa das institucións públicas, a fin de non constituíren discriminación gravosa para as mulleres. Particularmente, a Xunta de Galiza, aplicará todas as medidas do seu ámbito competencial para que a maternidade deixe de ser carga exclusiva das nais e motivo de discriminación das mulleres.
3. Corresponsabilidade
Os poderes públicos galegos actuaran para fomentar a corresponsabilidade nas tarefas do coidado e reprodutivas, promovendo a incorporación dos varóns ás mesmas, e a través da dotación dunha rede de servizos públicos suficientes e equilibrada en todo o territorio."

Emenda nº16, de Substitución. Artigo 26

Débese substituir integralmente o precepto polo seguinte texto:
"As políticas públicas de apoio á maternidade desenvolveran as medidas necesarias para garantir que toda muller, que libre e voluntariamente, decida ser nai conte cun abano de recursos e axudas públicas que permitan o exercicio da súa maternidade e

a crianza dos seus descendentes. O abano de actuacións abranguerá as seguintes:

a) A garantía de acceso á educación afectivo-sexual e aos métodos de control da natalidade.

b) A mellora da atención ao embarazo, convertendo á muller no centro do proceso, achegando os servizos ao ámbito de atención primaria e mellorando os estándares de calidade das instalacións.

c) A humanización da atención ao parto, unificando os protocolos en todos os hospitais públicos, incluíndo os avances científicos que se produzan e garantindo unha actuación de calidade que reduza a medicalización do parto e o respecto aos dereitos e autonomía da mulleres e dos seus fillos e fillas.

d) O incremento e mellora da atención durante o puerperio, detectando e tratado precozmente as posíbeis complicacións que se produzan.

e) A garantía dunha dotación de prazas públicas en escolas infantís para nenos e nenas menores de tres anos, atendendo as necesidades detectadas nas diferentes comarcas da nación galega, e ofertando horarios e calendarios amplos e axeitados as necesidades de pais e nais derivadas dos seus horarios laborais. Dun xeito específico, establecerá un programa específico de creación de escolas infantís en polígonos industriais e parques tecnolóxicos.

f) O impulso a creación dunha rede de ludotecas en colaboración coas entidades locais, a través da convocatoria anual de subvencións destinada a impulsar a construción destes equipamentos, así como o mantemento e dotación de persoal.

g) A creación dun servizo público de atención domiciliaria a menores, garantindo a súa cobertura en todo o territorio, e priorizando a atención daquelas familias con menos recursos e a cobertura de demandas relacionadas coas obrigas laborais e formativas de nais e pais.

h) Asegurar, a través da administración educativa, unha oferta suficiente en relación coa demanda de prazas en comedores escolares dos centros públicos e realizará unha oferta estábel de actividades extraescolares en todos os centros públicos de ensino.

i) A garantía dunha oferta suficiente de prazas públicas en centros de día para atención das persoas con dependencia e/ou discapacidade e de servizos complementares de apoio no fogar."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2011 18:16
Nº Rexistro: 64864
Data envio: 09/05/2011 18:16:35

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda nº17, de Substitución. Capítulo V

Débese substituir o título do Capítulo polo de:
"Corresponsabilidade"

Emenda nº18, de Substitución. Artigo 27

Débese substituir integralmente polo seguinte texto:´
"Artigo 27. Principios reitores para o fomento da corresponsabilidade.
Os poderes públicos galegos, no exercicio das súas competencias, fomentaran actuacións de fomento da corresponsabilidade seguindo os seguintes principios reitores:
1. O fomento dun uso equitativo dos tempos entre homes e mulleres, promovendo unha redistribución das tarefas do coidado e reprodutivas tanto no ámbito familiar como na responsabilidade social das mesmas.
2. A eliminación dos estereotipos sociais que responsabilizan das tarefas domésticas e do coidado ás mulleres.
3. A adopción de medidas que posibiliten a compatibilidade real entre as responsabilidades familiares, laborais e sociais, atendendo especificamente as discriminacións obxectivas que dificultan o su exercicio.
4. A asunción da responsabilidade social nas tarefas derivadas da atención a menores e persoas dependentes a través da dotación dunha rede de servizos públicos suficiente e equilibrada en todo o territorio galego."

Emenda nº19, de Substitución. Artigo 28

Débese substituir o texto dos artigos do 28 ao 30, polo seguinte texto:
"Artigo 28. Ámbitos de actuación.
1. Promoción da corresponsabilidade no ámbito educativo:
a) A administración educativa galega garantirá a inclusión de contidos relacionados coa corresponsabilidade no fogar e a ética do coidado no curriculum do ensino obrigatorio.
b) Así mesmo, adoptará as medidas que sexan precisas para asegurar a capacitación do alumnado no eido da corresponsabilidade.

2. Promoción da corresponsabilidade nos medios de comunicación:

a) Os medios de comunicación de titularidade pública atenderán aos principios xerais recollidos no artigo 3 desta lei, incluíndo na súa programación accións tendentes a promover a corresponsabilidade e a eliminación de estereotipos sexistas.

b) O disposto no apartado anterior tamén será aplicábel ás empresas de comunicación social que exploten unha concesión ou autorización dun servizo de comunicación audiovisual no ámbito do territorio galego.

c) As administracións públicas galegas fomentarán que o conxunto dos medios de comunicación social desenvolvan un papel activo na eliminación de discriminacións de xénero e no fomento da corresponsabilidade como un valor social.

3. Campañas de sensibilización a prol da corresponsabilidade.

a) A Xunta de Galiza realizará campañas de sensibilización social con carácter periódico, destinadas a fomentar a corresponsabilidade no ámbito familiar, incidindo nas vantaxes que esta ten para o conxunto da sociedade.

b) A Xunta de Galiza realizará divulgación activa das medidas que se impulsen desde a administración galega para fomentar a incorporación equitativa dos varóns ao traballo doméstico.

c) A Xunta de Galiza colaborará coas entidades locais de Galiza para a realización conxunta de campañas de sensibilización social con carácter periódico, destinadas a fomentar a corresponsabilidade no ámbito familiar

4 . Colaboración co tecido asociativo.

O departamento competente en materia de igualdade da Xunta de Galiza establecerá un plan de axudas con carácter anual destinado a incentivar ás asociacións e entidades sociais con sede en Galiza para realizaren actividades que promovan a eliminación de estereotipos sexistas, de fomento da corresponsabilidade e promoción da incorporación dos varóns ás tarefas domésticas e do coidado.

5. Estudos sobre o valor social e económico dos traballo do fogar e do coidado.

a) A Xunta de Galiza elaborará periodicamente informes e estudos sobre o valor económico do traballo no ámbito do fogar, o coidado de crianzas e atención ás persoas maiores e dependentes que se realiza na Galiza.

b) Así mesmo, realizará unha difusión ampla dos resultados destes estudos co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social.

6. Investigación e estudos sobre a corresponsabilidade

A Xunta de Galiza promoverá acordos coas universidades galegas ou centros de investigación, a fin de profundizar no estudo sobre o valor social e económico que supoñen os

traballos derivados do coidado e da reprodución, as consecuencias que para o exercicio dos dereitos das mulleres supón o desequilibrio que persiste na actualidade e as vantaxes sociais dun reparto equitativo das tarefas reprodutivas e do coidado.

7. Fomento do uso dos dereitos de conciliación.

a) A Xunta de Galiza realizará actuacións e programas destinados a incrementar o uso dos dereitos para a conciliación da vida persoal e familiar recoñecidos pola lexislación vixente. Singularmente, estableceranse programas e axudas destinados especificamente para os varóns a fin de incrementar a utilización dos permisos de paternidade, redución de xornada por fillos/as menores de tres anos a cargo ou excedencias por coidado de familiares.

b) Os programas que se adoptaren conterán medidas destinadas a facilitar a reincorporación das persoas que se acollan ás mesmas, así como a evitar que resulten prexudicadas no seu desenvolvemento profesional.

8. Fomento da corresponsabilidade no ámbito da empresa privada.

a) A Xunta de Galiza establecerá un plan de incentivos destinados ás empresas que adopten medidas que amplíen os dereitos de conciliación e que fomenten a corresponsabilidade entre os seus traballadores e traballadoras.

b) Terán prioridade as actuacións encamiñadas a unha reorganización dos tempos do traballo no ámbito da empresa privada que favorezan unha maior compatibilidade da vida laboral e familiar.

9. Fomento da corresponsabilidade nos plans de igualdade do sector público.

a) A Xunta de Galiza garantirá que os plans de igualdade que se elaboren nas entidades e organismos do sector público galego conteñan un apartado específico destinado a promover a corresponsabilidade.

b) A Xunta de Galiza velará para que os plans de igualdade das entidades locais de Galiza e dos entes dependentes ou vinculados ás mesmas tamén inclúan un apartado relativo á promoción da corresponsabilidade.

10. Fomento da corresponsabilidade na negociación colectiva.

a) A Xunta de Galiza impulsará a inclusión de medidas que fomenten a corresponsabilidade na negociación colectiva a través de recomendacións ou claúsulas tipo nesta materia.

b) Ademais, promoverá a posta en marcha de actuacións de sensibilización e formación neste ámbito do conxunto dos axentes sociais que interveñen na negociación colectiva.

11 . Axudas públicas para a contratación de persoal durante os permisos de maternidade e paternidade.

a) A Xunta de Galiza establecerá anualmente un sistema de axudas públicas dirixida as mulleres e homes afiliados aos Réxime Especial de Traballadores/as Autónomos, así como aos Réximes especiais Agrario e do Mar por conta propia, para a contratación de persoal de substitución no caso de estaren disfrutando do permiso de maternidade ou paternidade.
b) A concesión das axudas efectuarase consonte o criterio da renda dispoñíbel da persoa beneficiaria.
12 . Obriga de reserva de espazos para emprazar recursos sociocomunitarios de conciliación da vida laboral e familiar.
a) Os distintos instrumentos de planeamento urbanístico deberán prever obrigatoriamente a reserva de espazos para a dotación de recursos sociocomunitarios destinados a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.
b) De igual xeito, a Xunta de Galiza e as administracións locais de Galiza están obrigadas a que, nos desenvolvementos de solos produtivos financiados con fondos públicos se reserven espazos para a dotación de recursos sociocomunitarios destinados a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.
13. Medidas de flexibilización horaria para fomentar a corresponsabilidade no ámbito da Administración Pública.
a) No prazo de tres meses desde a entrada en vigor da presente Lei, a Xunta de Galiza elevará unha proposta á Comisión de Persoal da Xunta de Galiza, previa negociación na Mesa Xeral cos sindicatos representativos da función pública, que contemple medidas específicas de flexibilidade horaria dos empregados públicos da administración galega e das entidades do sector público galego por razóns de corresponsabilidade familiar, garantindo ao mesmo tempo a correcta prestación e atención dos servizos públicos.
b) A Xunta de Galiza promoverá para os traballadores e traballadoras que teñan fillos e/ou fillas menores de 12 anos ou persoas dependentes ao seu coidado a preferencia no acceso a unha quenda fixa, en caso de igualdade de condicións ao resto dos traballadores/as. Este dereito non xustificará en ningún caso a mobilidade dos traballadores que á entrada en vigor desta lei tivesen adxudicada unha quenda fixa.
c) A Xunta de Galiza fomentará a extensión dos acordos que se acaden sobre flexibilidade horaria aos empregados públicos das administracións locais de Galiza e dos entes ou organismos vinculados ás mesmas, adaptándoas ás particularidades de cada administración ou ente".

Emenda nº20, de Substitución. Artigo 29

Débese introducir un novo artigo 29 co seguinte contido:
"A Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, promoverá beneficios fiscais para as familias con menores ou dependentes a cargo así como tamén axudas e prestacións económicas temporais para aquelas familias nas que, por razón dos ingresos obtidos no ano anterior, ningún dos membros estivesen obrigados a presentar a declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas correspondente ao período en curso; ou para aquelas que non superando os ingresos fixados para a exención da obriga de presentar a declaración, estean obrigados unicamente por razón de percibir importes de máis dun pagador ainda que, en calquera dos dous casos, presentasen voluntariamente a declaración."

Emenda nº21, de Substitución. Artigo 30

Débese introducir un novo artigo 30 co seguinte contido:
"Os pregos de cláusulas administrativas particulares das licitacións que convoquen as administracións públicas de Galicia, sinalarán a preferencia na adxudicación dos contratos ás proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que establezan a favor dos seus traballadores e das súas traballadoras medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, sempre que as devanditas proposicións igualen nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación, respectando a normativa vixente."

Emenda nº22, de Modificación. Artigo 41

Débese modificar o primeiro inciso, onde di:
"O persoal dos equipos..." debe dicer:
"O persoal funcionario das equipas técnicas..."

Emenda nº23, ao apartado k), de Substitución. Artigo 42

Débese substituir o texto da letra k) polo seguinte:
"k) O dereito a expresarense na súa lingua propria, de orixe ou de libre escolla, sen prexuízo do disposto na lexislación

educativa e de normalización da lingua galega, e a ser atendido nela, por escrito e oralmente por todos os poderes públicos e os prestadores de servizos así como a accederen a unha oferta educativa, recriativa, informativa e audiovisual na súa propria lingua."

Emenda nº24, ao apartado p), de Adición. Artigo 42

Débese engadir unha nova letra p) co seguinte contido:
"p) A accederen a servizos de atención temperá no caso de transtornos de desenvolvemento nos termos en que se determinar regulamentariamente sen que, en ningún caso, o acceso aos mesmos poda estar suxeito a contraprestación económica ningunha."

Emenda nº25, ao apartado n), de Adición. Artigo 47

Débese engadir un inciso final na letra n) co seguinte contido:
" ... así como a accederen a métodos adecuados de contracepción e prevención de doenzas de transmisión sexual."

Emenda nº26, ao apartado j), de Substitución. Artigo 52

Débese substituir o texto da letra j) polo seguinte:
"j) A falta de atención educativa á nena, neno ou adolescente.

Emenda nº27, ao apartado 3., de Adición. Artigo 92

Débese engadir un novo punto 3. co seguinte contido:
"3. Dependente do Valedor do Pobo, de conformidade co protocolo facultativo á Convención das Nacións Unidas de Prevención da Tortura e doutros tratos deshumanos ou degradantes, críase a Autoridade Galega para a Prevención da Tortura que vixilará de xeito permanente as condicións de internamento dos e das menores."

Emenda nº28, de Substitución. Disposición adicional primeira

Débese substituir o texto da Disposición Adicional Primeira, polo seguinte:
"Primeira. Criazón da Escala de Protección Social.
Críase a escala de persoal funcionario de protección social. Para ingresar no Grupo A da mesma exixirase estar en posesión da titulación de grao en Psicoloxía, Pedagoxía, Educación Social ou Traballo Social."

Emenda nº29, de Substitución. Disposición adicional segunda

Débese substituir o texto da Disposición Adicional Segunda, polo seguinte:
"A Xunta de Galiza contemplará entre as súas prioridades orzamentais as actuacións previstas na presente lei garantíndose a estabilidade no financiamento dos programas existentes e que en ningún caso o incremento anual das partidas correspondentes a estes programas sexa inferior ao incremento medio dos orzamentos da Comunidade Autónoma".

Emenda nº30, ao apartado I, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no primeiro parágrafo da alinea primeira, desde:
"A Comunidade Autónoma de Galicia" até "arraigamento local."

Emenda nº31, ao apartado I, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir no parágrafo segundo da alinea primeira, a seguinte expresión:
""familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa" por "familia como marco de referencia no que se desenvolven as persoas".

Emenda nº32, ao apartado I, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituir o último parágrafo da alinea primeira, polo seguinte texto:
"O imprescindíbel apoio efectivo á maternidade e á paternidade responsábeis fai parte, como recollen diversos textos internacionais desde a Conferencia do Cairo 1995, do dereito de todas ás persoas a gozaren dun nível adecuado de saúde reprodutiva entendido como o dereito a decidir libre e responsabelmente o número de fillos e fillas e o momento de os ter así como a adoptaren decisións en relación coa reprodución sen sofrer discriminación, coacción ou violencia accedendo a métodos seguros e eficaces en materia de planificación familiar".

Emenda nº33, ao apartado III, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir no segundo parágrafo da alinea terceira o seguinte inciso:
"así como a creación do Consello Galego de Familia e o Observatorio Galego da Familia e da Infancia como órganos asesores e de participación".

Emenda nº34, ao apartado III, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir a seguinte expresión, ao fin do segundo parágrafo da alinea terceira:
"e á Natalidade"

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 09/05/2011 18:16:18

3. Procedementos de control e impulso

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

Corrección de erros na publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 468, do día 11 de maio de 2011, dos acordos da Mesa do Parlamento do 9 de maio de 2011, en relación co acordo de asignación a Comisión da Proposición non de lei en Comisión núm. (08/PNC-1792 (64444).

Advertido un erro na publicación do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 468, do 11 de maio de 2011, relativo á execución dos acordos da Mesa do día 9 de maio de 2011, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

"Onde di:

- 08/PNC-1792 (64444)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, Concepción, e tres deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas bibliotecas públicas e co programa Letras vivas
Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Debe dicir:

- 08/PNC-1792 (64444)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, Concepción, e tres deputados máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas bibliotecas públicas e co programa Letras vivas

Comisión 4.ª, Educación e Cultura."

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2011.

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Corrección de erros no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 477, do día 25 de maio de 2011

Advertido un erro material, por omisión, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 477, do 25 de maio de 2011, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na portada da publicación débese engadir a expresión "Fascículo 1".

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2011

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727